

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN





PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
 - 1.1. Fundamentación teórica e científica**
 - 1.2. Xustificación baseada en contexto e análise de necesidades**
- 2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL**
- 3. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: xerais e específicos**
- 4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**
 - 4.1. Planificación xeral**
 - 4.1.1. Actividades e Temporalización**
 - 4.2. Definición das accións prioritarias**
 - 4.2.1. Ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe e atención á diversidade**
 - 4.2.2. Ámbito de acción titorial**
 - 4.2.3. Ámbito de orientación académica-profesional**
 - 4.3. Recursos**
- 5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN: Principios xerais, Fases, Metodoloxía.**
- 6. AVALIACIÓN E SEGUEMENTO**
- 7. PROPOSTAS CONTINUAS DE MELLORA**
- 8. FONTES DE INFORMACIÓN**

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

1.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E CIENTÍFICA:

O Plan de Orientación Educativa (P.O.E), é un dos documentos de traballo do Departamento de Orientación (D.O.); creado para ofrecer, desde cada centro, unha resposta adecuada e de calidade, axustada á complexa realidade do sistema educativo actual. O documento que se desenvolve a continuación corresponde ao plan anual do curso 2021/2022. Entendemos o P.O.E, recollido no Proxecto Educativo de Centro, como un instrumento de planificación, desenvolvemento e avaliación da acción tutorial, a intervención psicopedagóxica, o asesoramento aos distintos membros da comunidade educativa e a coordinación dos mesmos e destes con outros centros ou institucións. En definitiva, trátase da acción planificada do Departamento de Orientación do centro, para este curso escolar (respondendo así ao principio de Planificación da orientación segundo Vidal e Manjón e os artigos 12 e 15 da Orde 24 de xullo de 1998); así como, da concreción de todos os obxectivos e principios en que se basea o noso modelo de orientación.

Para entender a necesidade e importancia deste documento, debemos partir do concepto de orientación; “A orientación educativa e profesional dos estudantes é un medio necesario para o logro dunha educación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores” (Art. 1(f) LOMLOE).

Recollendo as achegas que se deron ao longo da historia entendemos a orientación psicopedagóxica como “un proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, en todos os seus aspectos, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento humano ao longo de toda a vida” (Bisquerra, 1998). Por todo isto, e seguindo o enfoque

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

da orientación psicopedagóxica que sinala Álvarez e Bisquerra, a orientación baséase nun enfoque sistémico e continuo, dirixido a todas as persoas, poñendo énfases nos principios de prevención, desenvolvemento e intervención social (Rodríguez Espinar) coa implicación de todos os axentes educativos e sociais.

A orientación educativa e profesional, no noso centro, artículase contorna aos tres niveles nos que esta se estrutura, desde un Modelo de Intervención Mixto:

- Acción Titorial (A. T.). Actuando a través dun Modelo de Programas
- Departamento de Orientación (D.O.). A través dun Modelo de Servizos actuando por Programas.
- Equipos de Orientación Específicos (E.O.E) A través dun Modelo de Asesoramento ou Consulta.

En canto ao Modelo de intervención do Departamento de Orientación do noso centro, este desde o punto de vista teórico, baséase nun Modelo Cognitivo-Social, segundo o cal concebimos a conduta como multidimensional e ao suxeito como individuo desenvolvido nun contexto; desde o punto de vista da intervención trátase dun Modelo Socio-Psicopedagóxico, xa que se intervéen sobre o alumno, familia, profesorado, institución escolar e a contorna sociocultural e sociosanitaria, na medida do posible; tamén se trata dun Modelo de Intervención de Servizos actuando por Programas, modelo proposto xa, pola Lei de Ordenación Xeral de Sistema Educativo (LOGSE, 1990) vixente hoxe en día, LOMLOE (2020).

A actividade orientadora, atenderá sempre, ás tres grandes vertentes da orientación: escolar, vocacional e persoal, para así lograr o desenvolvemento integral dos alumnos. Será a través destas vertentes como podemos establecer a relación cos tres ámbitos de

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

actuación do POE:

- Vertente Escolar: ámbito de Atención á Diversidade e de Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Vertente Vocacional: ámbito de Orientación Académica e Profesional.
- Vertente Persoal (seguindo a Sobrado e Ocampo): ámbito da Acción Titorial.

Todos estes principios han de ser coherentes cos principios e valores que promove o Proxecto Educativo de Centro, Plan Xeral de Atención á Diversidade, e outros documentos, xa que a orientación forma parte do sistema educativo, estes principios son: Educación Integral en todos os ámbitos da vida; Calidade e equidade da educación e igualdade de oportunidades. Interculturalidad, cohesión social, tolerancia, non discriminación, diversidade; Inclusión de todo o alumnado; Participación de todos os sectores da comunidade educativa. Esfuerzo compartido; Avaliación e progreso de todo o sistema educativo; Favorecer o pensamento crítico, a creatividade, a autonomía, a cidadanía democrática e o compromiso co medio ambiente e a sociedade que lles rodea; Aprendizaxe ao longo de toda a vida.

1.2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO E ANÁLISE DE NECESIDADES:

Antes de proceder á planificación e deseño das actividades que se van a levar a cabo no centro, debemos establecer unha contextualización do mesmo, para así poder adaptar a orientación ás súas características, necesidades; posibilidades; alumnado; contorna social, familiar...

Esta análise de necesidades partirá da revisión dos documentos do centro, é dicir, Proxecto Educativo do Centro (PEC), Programación Xeral Anual (PXA), Plan de Convivencia e Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC), Plan

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), Memoria Anual de Centro, Memoria do Departamento de Orientación do curso pasado, Propostas de Mellora recollidas nos documentos de centro...; será necesario tamén coñecer as relacións internas do centro e deste con outros organismos e institucións externas ao mesmo. Para iso realizaranse, ao comezo do curso, entrevistas con alumnos, pais, profesorado, Equipo Directivo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Servizos Sociais da zona,...; os datos obtidos complementaranse coa observación, cuestionarios e técnicas de dinámica de grupos; tendo en conta, para esta recollida de datos, o establecido no Protocolo de Protección de Datos publicado pola Consellería no ano 2016.

Unha vez aclaradas estas cuestións de carácter máis xeral, pasarei a describir as características máis notables do noso centro:

CONTORNA XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL:

O Plan Anual do DO levará a cabo nun centro de titularidade pública para o curso 2021/2022 e baséase nas necesidades do Centro e do seu contexto. O centro, tal e como se recolle no PE. O IES Sanxillao é un dos nove institutos que ten o municipio de Lugo, está situado na Ronda das Fontiñas, á altura do número 171, limitado polo Leste por un futuro parque ata agora denominado “parque dos paxariños” e o río Rato ó Norte e Oeste pola cidade e ó Sur polo Campus universitario e o río Miño.

Dentro da diversidade inherente a calquera contorna social, ten relevancia a coexistencia dunha zona rural próxima da que vén alumnado e outra urbana con importantes contrastes sociais e culturais, que condiciona os recursos existentes dá contorna. Ademais, os efectos da crise sanitaria, social e económica afectan negativamente o desenvolvemento académico do alumnado e ao equilibrio emocional das familias.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A contorna conta na actualidade cos seguintes equipamentos ou recursos, entre outros:

- Servizos Sanitarios: cada vez que sexa necesario por cuestións relacionadas coa derivación de alumnado ou colaboración cos Servizos de Saúde Mental e colaboración en actividades relacionadas coa educación en valores como a prevención de hábitos nocivos, educación sexual...
- Co Sistema Universitario Galego (SUG) e a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG): cada vez que sexa necesario para organizar visitas ou charlas achega do acceso á universidade ou estudos universitarios, etc.
- Concello: contamos co representante no Consello Escolar; con orientador/a laboral e educador/a. Tamén con bibliotecas, piscinas ou polideportivos municipais nas que se realizan actividades das que pode participar o alumnado do IES. En canto á organización de actividades: exposicións, colaboración para actos culturais de programas educativos.
- Servizos públicos como: Centro Asesor da Muller, Casa da Cultura, Casa da Mocidade, etc.
- Asociacións e Institucións como as seguintes que colaborarán co centro no desenvolvemento de actividades relacionadas coa Educación en Valores: Cruz Vermella; Asociación de Xitanos, CNP e Garda Civil; Cámara de Comercio; e outras Ong da contorna (ARELAS...)

□ CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

Trátase dun IES de liña 3 con case de trinta anos de historia na cidade. Conta coas instalacións e recursos mínimos que establece a normativa vixente (RD 132/2010): aulas ordinarias, biblioteca, pavillón, salón de actos, taller de tecnoloxías, recursos TICs

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

nas distintas aulas ordinarias, aula de usos múltiples... O centro ten elaborados os documentos da planificación educativa do Centro: o PE, PGA, NOFC, PGAD, PAT, POAP, Plan de Convivencia, Plan de Igualdade do Centro (Instrucións 6 de setembro de 2019), Proxecto Lingüístico, Plan de Educación Dixital e Proxecto Lector.

Órganos de Xestión do Centro:

ÓRGANOS DE GOBERNO		ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
UNIPERSONAL	Equipo Directivo:	<ul style="list-style-type: none"> - Titores e Equipos docentes - Departamentos Didácticos (DD) - Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) - Departamento de Orientación (DO) - Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)
	<ul style="list-style-type: none"> - Directora - Vicedirectora - Xefe de estudos - Secretaria 	
COLEGIADOS	- Claustro de	<ul style="list-style-type: none"> - Comisión de convivencia no seno do Consello Escolar - Coordinadora de Igualdade - Coordinadora TICs
	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado - Consello Escolar 	

O Departamento de Orientación: Defínese como servizo aberto e inclusivo de e para a Comunidade Educativa. As intervencións deste DO están plenamente integradas no proceso educativo xeneral e no marco curricular e as súas funcións nunca son illadas nin en paralelo; contribuíndo á aprendizaxe e desenvolvemento competencial do alumnado.(Orde ECD/65, do 21 de xaneiro, 2015). Prestará especial atención á colaboración e coordinación cos EOE e cos Servizos de Inspección que corresponda.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Composición do Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación no centro está integrado por:

- Xefa de departamento de Orientación: Olalla Méndez Arias
- Profesora de apoio (PT): M^a Teresa Núñez Prado.
- Profesora de apoio (PT): M^a Yolanda Fernández Gómez
- Titor/a ámbito científico-tecnolóxico: María Ángela Gómez Doval
- Titor/a ámbito sociolingüístico: Leopoldo Suárez Sampredo
- Profesora de FOL: Ana Isabel Naval Anidos
- Orientadoras dos CEIPS adscritos: CEIP As Gándaras, CEIP Illa Verde, CEIP As Mercedes, CEIP do Corgo. CEIP Sagrado Corazón.

Centro Adscritos: o noso IES ten adscritos cinco CEIPs que están situados en contorna rural e urbana e son: CEIP Illa Verde, CEIP Sagrado Corazón, CEIP As Gándaras, CEIP As Mercedes e CEIP Plurilingüe do Corgo.

Vexamos no seguinte cadro a oferta educativa e a distribución dos ensinos:

ETAPAS	CURSOS	UNIDADES	ALUMNADO
ESO	1º	3	90
	2º	4	105
	3º	4 + (PMAR)	88
	4º	3	68
BACHARELATO	1º	4	129
	2º	3	94
FPB	1º	1	17

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	2º	1	13
COGA	1º	1	13
	2º	1	23
DIRCO	1º	1	17
	2º	1	27
SERVIZOS GRAO MEDIO	1º	1	12
	2º	1	12
DUAL-DIRCO			7
SERVIZOS- MODULAR			18

Equipo Docente: Do total de 77 docentes aproximadamente a 70% conta con destino definitivo no Centro e procede de zonas próximas ao Concello ou do mesmo Concello.

Familias:. A súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/ as e na vida do centro é bastante heteroxénea: alta e positiva nalgúns casos pero baixa noutros, aspecto mellorable. As familias deste alumnado pódense considerar globalmente como pertencentes a un nivel socioeconómico e cultural de tipo medio-baixo, en xeral cun bo nivel de relación co centro e preocupadas pola educación dos seu fillos e fillas, así como as súas excepcións procedentes de minorías en risco de exclusión social.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Alumnado: o alumnado é moi heteroxéneo, un alto porcentaxe maioritario nado na cidade de Lugo ao que se suma alumnado procedente doutros países como Mongolia ou países de Sudamérica entre outros. A variedade cultural e ideolóxica entre o alumnado é latente o que amosa unha necesidade de traballar unha adecuada convivencia.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: o alumnado escolarizado no Centro que precisa algún tipo de atención, sexa organizativa ou curricular, de carácter ordinario ou extraordinario, especificase no Plan Xeral de Atención á Diversidade correspondente. Podemos destacar:

Necesidades educativas e sociais do alumnado entre outras:

Alto grao de incerteza e indecisión respecto a a elección vocacional/profesional.

Dificultades de Aprendizaxe xeneralizadas, con descoñecemento de TTI e TIB.

Alumnado diagnosticado con TDAH con Informe Médico do Complexo Hospitalario Universitario de Lugo (HULA).

Alumnado con RE e apoio de PT

Exención de 2º Lingua Estranxeira en 1º e 2º da ESO

PMAR de 3º ESO

Alumnado de orixe latinoamericana e outros países

Fracaso escolar e abandono escolar, sen título da ESO

Pola súa banda, a análise das necesidades é a pedra angular sobre a que se inicia a planificación. Ademais tendo en conta o principio de prevención da orientación educativa, a nosa planificación no IES debe comezar cunha avaliación das necesidades onde se

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

utilizan técnicas e instrumentos xerais, como os seguintes: Análise da lexislación (LOMLOE) e outros referentes (protocolos). Revisión de documentos de centro (PE, NOFC, Plan de Convivencia, PGAD, PAT, Plan Anual D.O, PGA e memoria da PGA e do Plan de Orientación de cursos anteriores), así como revisión de expedientes e informes de alumnado, XADE. Observación do funcionamento do centro, a súa filosofía, comunicación co resto da comunidade educativa. Entrevistas con membros do equipo directivo, principalmente co Xefe/a de Estudos (Binomio DO/ JE). A continuación redáctanse as necesidades en cada un dos ámbitos de intervención e en función dos destinatarios:

A. ESCOLAR. Apoio ao Proceso de e/a e Atención á Diversidad	
Centro Educativo	AN_1. Actualización da PXAD coas novidades tanto dos últimos Protocolos (modelo de solicitude intervención en caso de sospeita TDAH, Risco Suicida, Dislexia e DEA, Discapacidade Auditiva...)
Alumnado	AN_2. Adaptación da resposta educativa ás NEAE do alumnado.
Profesorado	AN_3. Asesoramento na posta en práctica das MAD e metodoloxías novas baixo a mirada DUA e o apoio socioemocional.
Familias	AN_4. Asesoramento sobre o proceso e/a, modos de implicación e participación no centro (ENAPAS), información dos recursos existentes no contexto.
Centros Adscritos	AN_5. Fomento da coordinación entre etapas para previla mellor atención posible a todo o alumnado.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Contexto	AN_6. Mellora da coordinación e comunicación fluída cos servizos e institucións externas.
B. PERSOAL . Apoio ao Plan de Acción Titorial	
Centro Educativo	BN_1. Actualización da Documentación de centro: Plan de Convivencia, NOFC (dacordo coa O. 2 de marzo de 2021).
Alumnado	BN_2. Prevención e promoción da convivencia en igualdade de condicións e prevención do abandono escolar.
Profesorado	BN_3. Participación en accións formativas sobre: resolución positiva de conflitos, benestar emocional, metodoloxías virtuais, APP educativas e redes sociais.
Familias	BN_4. Promoción e información dos estilos parentais positivos, educación familiar e emocional, estilo de vida dos adolescentes.
Centros Adscritos	BN_5. Fomento da continuidade educativa entre etapas, colaboración entre grupos/clase.
Contexto	BN_6. Potenciación do uso dos recursos que nos ofrecen as institucións do entorno para abordar contidos propios da acción titorial.
C. VOCACIONAL. Apoio ao Plan de Orientación Académico e Profesional	
Centro Educativo	CN_1. Optimización do POAP e da orientación vocacional do centro, dacordo coa nova oferta, acceso, criterios LOMLOE.
Alumnado	CN_2. Asesoramento sobre itinerarios académicos e profesionais (LOMCE curso 21/22), novas ofertas formativas (FP, Cursos de

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	<p>Especialización, Novos Graos Universitarios...) e sobre novos criterios de promoción e titulación (LOMLOE 21/22). Todo con perspectiva de xénero.</p> <p>CN_3. Asesoramento e reflexión sobre elección vocacional libre de prexuízos e non sexista.</p>
Profesorado	CN_4. Formación en orientación académica e profesional en igualdade de oportunidades, inclusivas e non sexistas.
Familias	CN_5. Información sobre novidades que implica a LOMLOE e sobre orientación académico-profesional en igualdade de oportunidades e non sexista.
Centro Adscrito	CN_6. Información ás familias de alumnado de nova incorporación en 1º ESO e outros cursos.
Contexto	CN_7. Actualización del POAP tendo en conta as posibilidades académicas e profesionais que nos ofrece o contexto.

Completamos esta fase de detección de necesidades coa elaboración dun **análise DAFO do centro escolar**, para poder partir tamén das FORTALEZAS coas que contamos.

	DEBILIDADES	FORTALEZAS
Análise Interno	<ul style="list-style-type: none"> ☐ Escasa formación do profesorado en 	<ul style="list-style-type: none"> ☐ Coordinación fluída entre o Equipo Directivo, DO e titores/as. ☐ Estabilidade do profesorado.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	<p>metodoloxías inclusivas e DUA.</p> <ul style="list-style-type: none"> ☐ Escasa participación do profesorado nas actividades de centro que implican a atención inclusiva. 	
	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
Análise Externo	<ul style="list-style-type: none"> ☐ Aumento do alumnado con DEA. ☐ Aumento de conflitos derivados das redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ☐ Redes de colaboración. CREANDO REDES. ☐ Novas liñas de formación en DUA e detección precoz de NEAE (Plan Recupera).

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL:

Para a elaboración e posta en práctica do Plan Anual do DO tomamos como referente o marco legal vixente a nivel nacional e autonómico, referido a:

A. Lexislación Educativa Xeral

- ☐ Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo , que regula o Dereito á Educación (LODE). No Art. 6 recoñece o dereito do alumnado para recibir orientación escolar e profesional, así como unha formación que favoreza o pleno desenvolvemento.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Mellora da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE); modifica aspectos da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).

B. Normas de Organización e Funcionamento dos IES:

- Decreto 324/1996, polo que se aproba o RO dos IES (o artigo 53 recolle ao DO como un órgano de coordinación docente; os artigos 54, 55, 56 e 57 recollen a composición e funcións do DO e os artigos 58, 59 e 60 está dedicado á titoría e as súas funcións), coas modificacións introducidas pola Orde do 1 de Agosto de 1997 e pola Orde do 28 de xuño de 2010.

C. Organización y Funcionamento del Departamento de Orientación:

- Decreto 120/1998, do 23 de Abril , polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na CCAA de Galicia. Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional da CCAA de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na CCAA de Galicia. Establece como accións prioritarias dos Servizos de Orientación.

D. Atención á Diversidade e Apoio ao Proceso de E – A:

- Real Decreto Lexislativo 1/2013, que aproba o texto refundido da Lei Xeral das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social. Recoñece o dereito á Educación Inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións.



PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Real Decreto 1635/2009, do 30 de outubro , que regula a admisión dos alumnos e alumnas e a atención ao alumnado con NEAE no ámbito da xestión do Ministerio de Educación.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinos de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato. Destaco esta orde por recoller aspectos importantes para a atención á diversidade, por exemplo a reserva de praza reservada para ACNEAE.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade en Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

E. PROTOCOLOS: absentismo escolar; prevención e detección do acoso escolar e do ciberacoso; TDAH; emerxencias sanitarias e enfermidades crónicas; atención educativa a domicilio; Protección de datos; identidade de xénero; prevención e detección do risco de suicidio; atención educativa ao alumnado con SD e/ou DI; Intervención psicoeducativa na Dislexia e outros FAE; Atención educativa ao alumnado con hipoacusia. O artigo 124 da Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE) recolle a responsabilidade da titularidade da xestión do centro de coñecemento e da execución dos protocolos existentes pola comunidade educativa.

F. Apoio á mellora da Convivencia Escolar:

- Lei 27/2005**, de 30 de novembro , de fomento da educación e cultura de paz.
- Lei Orgánica 3/2007**, de 22 de marzo , para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Lei 4/2011**, de 30 de xuño , de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015**, de 8 de xaneiro , polo que se desenvolve a Lei 4/2011 (os artigos 5, 6, 24, 25 e 47 recollen funcións do DO)
- Plan de Benestar Emocional.**
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.**

G. Regulación d currículo de ESO, Bacharelato e FP na CCAA de Galicia:

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **Real Decreto 1105/2014**, de 26 de decembro , polo que se establece o currículo básico da ESO e do BACH.
- **Orde ECD65/2015**, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da EP, ESO e BACH.
- **Decreto 86/2015**, de 25 de xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na CCAA de Galicia.
- **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- **Resolución do 18 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022.
- **Decreto 114/2010**, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- **ORDE do 12 de xullo de 2011** pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- **ORDE do 15 de xuño de 2016** pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

□ **Orde do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e titulación que correspondan.

3.OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Para o curso 2021/2022 expónse os seguintes obxectivos:

3.1. OBXECTIVOS XERAIS:

Deseñar a proposta do Plan Anual do Departamento de Orientación para o curso académico 2021/2022.

En base a el, destacamos os seguintes obxectivos xenerais, directamente relacionados coas necesidades detectadas; presentándoos do mesmo xeito que no caso das necesidades, clasificados en función dos destinatarios e dos ámbitos de intervención da orientación educativa:

A. ESCOLAR. Apoio ao proceso de e/a e Atención á Diversidade	
Centro Educativo	AO_1. Actualizar o PXAD introducindo novidades legislativas (LOMLOE) e dos protocolos publicados pola Consellería, especialmente os de última edición.
Alumnado	AO_2. Axustar a resposta educativa e a metodoloxía de aula ás necesidades educativas do alumnado, incidindo en actuacións preventivas e desarrollistas, con mirada inclusiva.
Profesorado	AO_3. Asesorar en materia de educación inclusión, pedagogías innovadoras, formación, recursos, actividades e sobre como incardinar todo isto nas Programacións Didácticas.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Familias	AO_4. Promover e facilitar un clima favorable entre a familia e a escola.
Centros Adscritos	AO_5. Establecer momentos concretos de reunión.
Contexto	AO_6. Organizar contactos periódicos e formas dos mesmos para colaborar, informar sobre campos concretos.
B. PERSOAL . Apoio ao Plan de Acción Titorial	
Centro Educativo	BO_1. Mellorala convivencia do centro a través da implantación de programas e actuacións que resulten eficaces.
Alumnado	BO_2. Favorecelo proceso de e/a aplicando técnicas e métodos pedagóxicos inclusivos, dándolles responsabilidades acordes a súa idade e conectado cos intereses propios dos adolescentes.
Profesorado	BO_3. Promover a súa participación en cursos de formación permanente e visionados de Webinares ou Podscat educativos e de desenvolvemento integral do alumnado.
Familias	BO_4. Levar a cabo “sesións presenciais ou virtuais informativas e participativas” sobre aspectos de gran relevancia para a educación.
Centros Adscritos	BO_5. Elaborar un programa de transición entre EP e ESO que favoreza a prevención de posibles discontinuidades educativas, seguindo a actual LOMLOE.
Contexto	BO_6. Iniciar protocolos de coordinación con recursos que poidan ofrecelas institucións do contexto.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

C. VOCACIONAL. Apoio ao Plan de Orientación Académico e Profesional	
Centro Educativo	CO_1. Actualizalo POAP tendo en conta as novidades da LOMLOE (Itinerarios, criterios de promoción e titulación, obxetividade nos criterios...)
Alumnado	CO_2. Favorecela toma de decisións, procesos de madurez persoal, da propia identidade, en definitiva, a súa autororientación, dando a coñecelas novidades lexislativas, itinerarios novos e nova oferta formativa con perspectiva non sexista e inclusiva.
Profesorado	CO_3. Establecer mecanismos de comunicación (Blog, Aula Virtual, Redes) para informar sobre os cambios lexislativos y novidades nas ofertas formativas e outros aspectos relacionados.
Familias	CO_4. Organizar accións informativas para las familias.
Centros Adscritos	CO_5. Levar a cabo accións informativas sobre o noso IES y a nosa oferta educativa, a través de visitas guiadas planificadas ou entregar de boletíns.
Contexto	CO_6. Promovela coordinación con outros IES ou con outros profesionais da orientación laboral que nos poidan facilitar información.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Estes obxectivos se concretan en outros **máis específicos** clasificados según os mesmos criterios:

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A. ESCOLAR. Apoio ao Plan de Atención á Diversidade	
Centro Educativo	<p>AOe_1. Asesorar na elaboración dun PEC e unha PXA Inclusiva.</p> <p>AOe_2. Cubrir DRADI e DRDOrienta</p> <p>AOe_3. Coordinar a comunicación fluída do DO e o resto dos Dptos e profesorado en materia de atención á diversidade e inclusión.</p>
Alumnado	<p>AOe_4. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias partindo das fortalezas do alumnado e non dos seus déficits ou necesidades.</p> <p>AOe_5. Levar a cabo en cada aula con cada alumno e, baixo a supervisión e colaboración do equipo docente, un Portafolio dos Talentos para detectar estilos de aprendizaxe e evitar o fracaso e a desmotivación.</p> <p>AOe_6. Establecer mecanismos de mellora de aprendizaxe do alumnado que lle axuden a realizar un aprendizaxe autónomo e ao desenvolvemento de competencias básicas.</p>
Profesorado	<p>AOe_7. Asesorar no deseño e desenvolvemento de novas MAD e do novo paradigma DUA.</p> <p>AOe_8. Proporcionar apoio técnico e recursos no día a día da aula, especialmente en materias instrumentais básicas e de maior contido teórico.</p>
Familias	<p>AOe_9. Incidir na comunicación fluída: Abalarmóbil, novo portal familias da Consellería, Aula Virtual, Web do Centro e de Orientación, etc.</p>

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	<p>AOe_10. Informar a cada familia sobre as MAD dispoñibles na lexislación, así como sobre os Protocolos de actuación existentes e sobre os estilos de aprendizaxe.</p> <p>AOe_11. Establecer reunións coas familias de alumnado NEE e NEAE para facilitar canles de comunicación e apoio orientador.</p>
Centros Adscritos	<p>AOe_12. Diseñar e desenvolver actuacións facilitadores da transición educativa para o alumnado con NEAE.</p> <p>AOe_13. Invitar ao alumnado de 6º de EP durante as xornadas de Portas Abertas.</p>
Contexto	<p>AOe_14. Coordinarse e colaborar co EOE para a facilitación de recursos, formación e información necesaria.</p> <p>AOe_15. Iniciar coordinación con entidades do entorno que poidan ser de axuda ante determinadas casuísticas: centro AUPA o Centro CREA, Servicios Especializado do Concello en Educación e atención á infancia e xuventude.</p>
B. PERSOAL . Apoio ao Plan de Acción Titorial	
Centro Educativo	<p>BOe_1. Asesorar sobre a posible posta en marcha do Programa TEI de Andrés González Bellido ou outros similares.</p> <p>BOe_2. Propoñer actuacións de carácter preventivo que melloren a convivencia, a educación emocional e o respecto a diversidade e inclusión do alumnado.</p>

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	<p>BOe_3. Establecer mecanismos de debate e elaboración de propostas na CCP que dinamicen o funcionamento desta e do propio centro.</p>
Alumnado	<p>BOe_4. Axudar a que o alumnado adquira hábitos de vida saudable (emocionais e sociais) a través de diversos programas educativos.</p> <p>BOe_5. Facilita la inclusión do alumnado e axudar no grupo-clase e na dinámica escolar, fomentando a cohesión intergrupala.</p> <p>BOe_6. Informar ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe, sobre a programación xeneral, actividades, criterios de avaliación, promoción ou titulación (O.2 de marzo de 2021)</p>
Profesorado	<p>BOe_7. Animar e apoiar ao profesorado a realizar formación en materia de inclusión, convivencia e igualdade, dos cursos de formación da Consellería.</p> <p>BOe_8. Demandar colaboración nas actividades promovidas polo D.O, especialmente nas relacionadas coa introdución de metodoloxías didácticas innovadoras e a inserción da orientación nos diferentes deseños curriculares de forma interdisciplinar.</p> <p>BOe_9. Preparar e facilitar instrumentos concretos para a participación na acción titorial (rol do titor, dinámicas de grupo, técnicas para a observación e entrevista...)</p>

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	BOe_10. Asesorar ao profesorado no uso correcto e incorrecto das novas tecnoloxías, así como a súa relación co proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Familias	BOe_11. Asesorar e manter informadas ás familias sobre as consecuencias do mal uso da Rede, así como das pautas para unha prevención dos problemas en Internet e derivados do consumo doutras sustancias. Levarase a cabo dentro do Plan Director unha charla ás familias.. BOe_12. Propoñer participar en charlas sobre Adiccións e Drogas (Plan Director), así como outras charlas relacionadas.
Centros Adscritos	BOe_13. Manter dúas reunións en xuño e setembro para asegurala planificación anual coherente entre os DO. BOe_14. Realizar tres reunións anuais coa Xefatura do DO dos CEIP adscritos.
Contexto	BOe_15. Iniciar un protocolo de coordinación con institucións do entorno. BOe_16. Manter e consolidala relación e a coordinación coas entidades do entorno (Concello, CNP, Arelas, OMIX, ASEIA)
C. VOCACIONAL. Apoio ao Plan de Orientación Académico e Profesional	
Centro Educativo	COe_1. Asesorar na selección do alumnado proposto para FPB y PMAR, sendo moi conscientes da importancia do Consello Orientador motivado.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	<p>Coe_2. Asesorar tecnicamente en cuestións de itinerarios, saídas profesionais, perfís profesionais, etc.</p>
Alumnado	<p>COe_3. Realizar actividades que impliquen coñecela oferta educativa e profesional do contorno, así como o coñecemento de ferramentas que axudan á toma de decisións e autororientación.</p> <p>COe_4. Atender a todo o alumnado que requira da intervención do D.O e asesorar nos diferentes campos da orientación especialmente nos momentos máis trascendentais e de maneira grupal e soamente individual cando a situación de incertidume así o requira.</p>
Profesorado	<p>COe_5. Elaborar un dossier sobre as novidades legislativas LOMLOE (actividades e procesos de avaliación, recuperación e promoción, novos accesos...)</p> <p>COe_6. Manter actualizado o tablón de anuncios da sala de profesorado sobre probas de acceso, premios, accesos, programas internacionais...</p>
Familias	<p>COe_7. Asesorar e informar ás familias do alumnado proposto para PMAR e FPB.</p> <p>COe_8. Asesorar e informar ás familias sobre os diferentes itinerarios, saídas, accesos, materias a elixir, así como os cambios legislativos coa LOMLOE.</p>

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Centros Adscritos	COe_9. Realizar unha xornada para explicar as características e organización da Educación Secundaria (organización, avaliación, promoción, MAD...)
Contexto	COe_10. Invitar a alumnos de 2º curso de BACH de Artes para que conten a súa experiencia ao alumnado de 4º ESO. COe_11. Invitar a exalumnado que actualmente curso FP, Grado Universitario ou está empregado, para que conten as súas experiencias concretas a la saída del IES. COe_12. Establecer comunicación e fixar reunión co Servizo de FP da Consellería (Rede de Dinamización da FP Dual e Servizo de FP) e outros organismos.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACTUACIÓNS

PRIORITARIAS:

4.1. PLANIFICACIÓN XERAL:

4.1.1. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN:

Organizamos as actividades do DO en dous grandes bloques: actividades iniciais e actividades propias da orientación educativa e profesional.

A. ACTIVIDADES INICIAIS

a.1. Constitución anual do DO con todos os seus membros:

- Xefa Departamento de Orientación
- 2 profesoras de Pedagogía Terapéutica
- Un titor/a por cada ámbito: lingüístico-social e científico-tecnolóxico.

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Profesor/a de FOL
- Xefas DO CEIP Adscritos

